

AGRESION DE ARROAS (*Tursiops truncatus*) A TONIÑA (*Phocoena phocoena*).

Alfredo López Fernández*, Antonio Rodríguez Folgar*

*CEMMA: R/ Anxeriz 19, 5ºD, 15898, O Milladoiro, AMES (A Coruña)

RESUMO

Descríbense os resultados da necropsia de un exemplar xove de *Phocoena phocoena* varado en Bueu, Galicia. Externamente presentaba dous tipos de marcas de dentes: no dorso, coincidentes cos dentes de *Tursiops*, e na zona caudal, coincidentes cos de *Phocoena*. Internamente presentou a omoplata e dúas costelas fracturadas. Conclúese que a morte foi a causa das agresións producidas por *Tursiops truncatus*.

SUMMARY.

This work contains the results of autopsy of one *Phocoena phocoena*'s young example stranded in Bueu, Pontevedra. Externally it presented two types of teeth's marks: on the back, coincidental marks with the *Tursiops*' teeth, and on the tail, these of *Phocoena*'s teeth. Internally it presented the broken shoulder blade and two fractured ribs. It concludes that the death was because of *Tursiops truncatus*' aggressions.

RESUME.

Ce travail décrit les résultats de la autopsie d'un exemplaire jeune de *Phocoena phocoena* échoué à Bueu, Pontevedra. Externement il présentait deux types de marques de dents: sur le dos, coïncidents avec les dents de *Tursiops*, et sur la queue, coïncidents avec les dents de *Phocoena*. Internement présentait l'omoplate et deux côtes fracturés. On conclut que la morte fut à cause des agressions produites par *Tursiops truncatus*.

INTRODUCCION

A toniña (*Phocoena phocoena*) é un dos cetáceos máis costeiros que habitan as augas europeas (Blanco e González, 1993). Este hábitat característico é un dos motivos que propicia o aumento das ameazas contra a súa supervivencia a causa da influencia humana (capturas accidentais e contaminación). Entre as ameazas por causas naturais está a depredación por grandes quenllas, como *Carcharodon carcharias* (Arnold, 1972), tras as súas incursións costeiras, e, potencialmente, por candorcas, ningunha delas constatada nas costas galegas. Debido ó seu carácter costeiro esta especie vai ter un espacio vital coincidente con outras que,

esporádicamente ou habitualmente, poden habitar tamén as augas costeiras, basicamente o golfinho común (*Delphinus delphis*) e o arroás (*Tursiops truncatus*), chegando a producirse interaccións interespecíficas.


MATERIAIS E METODOS

O día 28/03/94 foi localizado un exemplar de toniña (*Phocoena phocoena*), macho, de 106 cm de lonxitude (Fig. 1) e 15,5 Kg. de peso, varado na Praia de Agrelo, Bueu, Pontevedra, (42º20'10"N 8º53'00"W). A morte fora recente e lle foi practicada a necropsia.

RESULTADOS



FICHA Nº



NÚMERO DE DENTES:

FOTOS: SI / NON

Sup. Der. ____ Sup. Eso. ____ Inf. Der. ____ Inf. Eso. ____

DATA VARAMENTO APROXIMADA: 280394

DATA OBSERVACION:

LOCALIDADE: ? Agrela BUEU


COORDENADAS:

ESPECIE: P. phocoena

COMUNICANTE: Antonio R. Folgar

OBSERVADOR/A:

OBSERVACIONES:



- Fractura omoplato
- Fractura costelas 2 e 3

Total costelas = 13
Total peso = 15'5

Fig. 1: biometría.

Exame externo: perfectas condicións externas, a excepción do ollo dereito que fora devorado polas aves mariñas, así como parte da cara, o que deixaba ó descuberto o maxilar inferior. Presentaba varias marcas no corpo (Fig.2):

1.- Catro grupos de marcas entre o aventador e a aleta dorsal, tres dos catro grupos constan de tres ou catro liñas paralelas e o cuarto dunha marca composta por trece puncións situadas en liña, cunha distancia aproximada entre liñas ou puncións de 10 mm. Presenta tamén varios grupos de liñas semellantes no pedúnculo caudal.


2.- Dous grupos de marcas nos lóbulos da aleta caudal, compostos por grupos de liñas paralelas máis numerosas cás



anteriores, distancia aproximada entre liñas 5 mm.

3.- grupos de puncións irregulares no costado.

Exame interno:

O animal foi aberto ventralmente, practicándosele unha incisión dende a gorxa ata a zona xenital. No borde da lingua apreciáronse papilas marxinais, propio dos animais xoves, e no lado esquerdo tres cortes causados polos seus propios dentes e que aparentaban estar xa algo cicatrizados. Os pulmóns estaban flácidos e desinchados, o esquerdo algo amarelado. Presentaba fractura da omoplata esquerda (Fig. 3) e das costelas 2 e 3 que están xusto detrás desta peza, toda esa zona presentaba unha forte hemorraxia que chegaba ata a





zona cervical.

DISCUSION

O animal levaba pouco tempo morto, pero foi suficiente para que as aves mariñas devoraran parte da cara e produciran as marcas tipo 3 sobre a pel.

As marcas tipo 1 coinciden coa anchura interdental de *Tursiops truncatus*, a maioría das marcas están tras a cabeza, en lugares que poden ser vitais, o mesmo que a fractura e a hemorraxia, que nun trazo lineal coincide coa disposición dos dentes no maxilar superior de *Tursiops truncatus*.

As marcas tipo 2 coinciden coa anchura interdental dos adultos de *Phocoena phocoena*, estas marcas sitúanse nunha zona accesible para poder asir ou arrastrar o animal.

Se ben todas estas anotacións figuran no informe da necropsia realizada, non se chegou a esta conclusión ata que se observou a filmación dun ataque de *Tursiops truncatus* a unha *Phocoena phocoena* nas augas Británicas (Fig 4), estas filmacións (Willson. 1994) foron a confirmación da hipótese proposta polo Dr. Ross que realizou as necropsias de varios exemplares varados con marcas semellantes ás descritas (Fig 5).




Fig. 5 necropsia de *P. phocoena* das augas británicas ilustrado de Willson, 1994.

Na Ría de Pontevedra está constatada a presenza dunha manda de arroaces (*Tursiops truncatus*) en augas de profundidade menor ós 20 metros e de mandas de toniñas (*Phocoena phocoena*) sobre augas de 40 metros de profundidade á altura das Illas de Ons e Onza. Todos os indicios apuntan a que os traumatismos foron causados por un ataque de arroaces, xa que as marcas de dentes eran en lugares vitais e non de suxeición, como no caso das marcas da cola. Estes feitos poden supoñer unha ameaza natural máis sobre esta especie, ademais da incidencia directa que causan as baixas de exemplares, polo desprazamento de áreas óptimas de alimentación.

REFERENCIAS E BIBLIOGRAFIA

ARNOLD, P.W., 1972, "Predation on Harbour porpoise, *Phocoena phocoena* by White Shark, *Carcharodon carcharias*". *J. Fish. Res. Bd. Can.* 29, p.p. 1213-1214.

BLANCO, J.C., GONZALEZ, J.L., (Ed.), 1992, *Libro rojo de los vertebrados de España*, Icona, p.p. 630-632.

WILLSON, S., 1994, *Operation survival: Local Heroes*.

AGRADECEMENTOS

A Graham Pierce por poñernos sobre a pista e a Begoña Santos polo envío do material que nos serviu para confirmar as nosas sospeitas.